

**SESION ORDINARIA DO CONCELLO PLENO O DIA 28 DE MARZO DE 2019.-**

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo as sete horas e sete minutos do día 28 de marzo de 2019, reúnese en sesión ordinaria e, en primeira convocatoria, o Concello Pleno baixo a presidencia do sr Alcalde-presidente, coa asistencia dos Sres/as concelleiros e concelleiras que a continuación se indican, actuando como secretario Francisco Fernández Castro.

**ALCALDE- PRESIDENTE**

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE)

**CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS**

D RICARDO GONZÁLEZ AMARO (PSOE)

D JAVIER IGLESIAS SENDÍN (PSOE)

D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)

D<sup>a</sup> MARÍA LÓPEZ TOUZA (PSOE)

D CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL (PP)

D CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D MIGUEL GARCÍA DOMÍNGUEZ (PP)

D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA LUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)

D MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (CXG)

D XACOBE GARCÍA SOTO (BNG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RIBEIRO EN COMÚN)

Secretario: Francisco Fernández Castro.

Interventor D Vicente Soto Rodríguez.

Alcalde.- Boa tarde a todas e todos, aos concelleiros e concelleiras, ao público presente e ao que nos segue pola páxina web.

**1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DA ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FORON A DO 24 DE FEBREIRO (ORDINARIA) E 15 DE MARZO (EXTRAORDINARIA)**

**Non se formulan observacións fican aprobadas por unanimidade.**

**2. DACION DE CONTA DE: A) DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditas dende a sesión anterior, e que de seguido se relacionan:

Do 25 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de febreiro; dezaseis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre bonificación IVTM.; tres, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; cinco, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre imposición multa coercitiva; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aprobación liquidación presuposto municipal 2018; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de marzo; sete; catro, sobre fraccionamento débeda tributaria; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre autorización cambio titularidade actividade; unha, sobre ocupación vía pública.

Do 05 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de marzo; seis; unha, sobre expte. Fillo Predilecto; unha, sobre requirimento; unha, sobre lugares para carteis electorais; unha, sobre lugares para celebración actos electorais; unha, sobre expte. 27IAE/2018; unha, sobre eficacia comunicación previa obra.

Do 07 de marzo; dez; seis, sobre liquidación plusvalía; unha; sobre limpeza parcela; dúas, sobre expedición tarxetas de estacionamento; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de marzo; trece; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre fraccionamento débeda; tres, sobre bonificación IVTM; unha, sobre exención IVTM;

catro; sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre requirimento; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de marzo; sete; unha, sobre concesión permiso para proba selectiva; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre permiso por falecemento de familiar; unha, sobre comunicación previa de cambio de titularidade actividade; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de marzo; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de marzo; seis; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de marzo; doce; tres, sobre baixa na taxa recollida lixo; tres, sobre fraccionamento débeda; dúas; sobre liquidación taxa servizo ext. incendios e outros; unha, sobre expedición tarxeta estacionamento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de marzo, catro; unha, sobre denegación acceso consulta; unha, sobre delegación competencias; dúas, sobre aboamentos.

Do 18 de marzo; dúas, sobre aboamentos.

Do 19 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de marzo; doce; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre baixa na taxa recollida lixo; unha, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre nomeamento de tribunal; unha, sobre redución pago; unha, sobre arquivo de expediente; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de marzo; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes, unha, sobre prazo para aportar documentación; unha, sobre cambio titularidade local; unha, sobre aceptación renuncia; unha, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de marzo; tres; unha, sobre concesión vado; dúas, sobre aboamentos.

Do 25 de marzo, dez; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre bonificación IVTM; tres, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre formalización contrato; unha, sobre expte. sancionador 1/2019; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións.

Do 26 de marzo, tres; unha, sobre concesión prórroga; unha, sobre incoación restauración legalidade urbanística; unha, sobre concesión vacacións.

Do 27 de marzo, unha, sobre concesión vacacións.

### **3.-RECTIFICACIÓN NO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NO**

**PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZCAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DE DATA 15 DE MARZO DE 2019 A REQUERIMENTO DO IDAE.**

Visto o requerimento de subsanación de documentación formulado polo IDA E en relación ao acordo adoptado polo pleno do concello de Ribadavia en sesión de data 15 de marzo de 2019, proponse a rectificación do punto segundo do acordo nos seguintes termos:

Suprimir o inciso” asumindo o compromiso de habilitar crédito suficiente para a aportación municipal caso de obter a dotación da cofinanciación FEDER para levala a cabo “ e sustituílo por “ aprobando a dotación orzamentaria para levar a cabo o 100% do proxecto plantexado”

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- De acordo coa subsanación.

D Xacobe García Soto (BNG).- Non cabe debate.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

**4.-INICIO DE EXPEDIENTE DE DESLINDE ENTRE CARREIRO EN SAN CRISTOVO, A PEDREIRA E PROPIEDADES COLINDANTES.**

A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, E INFORMATIVA DE FACENDA, COMERCIO, PARQUE EMPRESARIAL, PROMOCIÓN DE EMPREGO , OBRAS PÚBLICAS E INFRAESTRUTURAS , NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 21 DE MARZO DE 2019 ADOPTOU O SEGUINTE DITAME

**PRIMEIRO.** Iniciar o expediente de deslinde de bens entre o carreiro referencia catastral 32070A012090190000YW, polígono 12, parcela 9019, titularidade do concello de Ribadavia e as parcelas con referencia catastral 32070A012007160000YR,32070A012007150000YK, 32070A012007140000YO, 32070A012007130000YM, 32070A012007120000YF,32070A012007110000YT, 32070A012007080000YT, 002201000NG78E0001YX, 32070A012007250000YS, 32070A012007240000YE, 32070A012007230000YJ, 32070A012007220000YI,

32070A012007230000YJ ,32070A012007220000YI,32070A012007170000YD,  
32070A012007200000YD de titularidade privada.

**SEGUNDO.** Notificar aos donos das leiras lindeiras, e titulares doutros Dereitos Reais que estean constituídos sobre devanditas leiras, o inicio do expediente de deslinde, indicando o día, hora e lugar en que comezarán os labores do deslinde, para que presenten as alegacións e probas que estimen pertinentes.

**TERCEIRO.** Publicar a realización do deslinde no *Boletín Oficial da Provincia*, e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribadavia con sesenta días de antelación á data na que se procederá ao comezo dos traballos de deslinde.

**CUARTO.** Fixar como data de inicio dos traballos de deslinde, o quinto día hábil seguinte á finalización do prazo de sesenta días, previsto para a publicación do anuncio de deslinde no *Boletín Oficial da Provincia*, fixándose o comezo das operacións ás doce horas en As Pedreiras, San Cristovo, Ribadavia.

**QUINTO.** Designar como prácticos da Corporación, para participar nas operacións de deslinde, a dona Begoña Arregui Rodríguez e dona Mercedes Alvarez López..

**SEXTO.** Notificar aos interesados, donos das leiras lindeiras e titulares doutros dereitos reais, a posibilidade de que presenten cantos documentos estimen pertinentes para a proba e defensa dos seus dereitos, até os vinte días anteriores ao comezo das operacións.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol PSOE, CXG, se reservan para o pleno PP, RBC, ; fica ditaminada de xeito favorable , elevándose a pleno en calidade de ditame

D Manuel Vázquez López (CXG).- Revisada a documentación, a favor.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A favor.

D Xacobe García Soto (BNG).- A favor.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

#### **5.-NOMEAMENTO DO POETA DON XOSÉ CARLOS GÓMEZ ALFARO FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE RIBADAVIA.**

A COMISIÓN DE CULTURA E MEDIO AMBIENTE , NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 21 DE MARZO DE 2019 ADOPTOU O SEGUINTE DITAME:

Considerando que con data de 28 de febreiro de 2019 o pleno do concello de Ribadavia adoptou o seguinte acordo:

Que o Concello de Ribadavia proceda ao Nomeamento de fillo predilecto de Ribadavia a título póstumo, a Don Xosé Carlos Gómez Alfaro. Seguindo o Regulamento de honras e distincións do Concello de Ribadavia de 29 de xuño de 2012

Visto o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Ribadavia que no seu artigo 4 prescribe:” O título de fillo predilecto outorgarase a aquela persoa física que, nacendo no Municipio, demostrara calidades, méritos persoais , ou servizos prestados en beneficio ou honra de Rivadavia e que alcancen consideración indiscutible no concepto público.”

Tramitado o procedemento establecido no Regulamento de Honras e Distincións do concello de Ribadavia.

Propoño ao pleno do concello :

Nomear a don Xosé Carlos Gómez Alfaro Fillo Predilecto do concello de Ribadavia.

Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, ; fica ditaminada de xeito favorable por unanimidade, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Manuel Vázquez López (CXG).- Voto favorable, sen dúbida.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Como grupo promotor da moción, agradecer a todos os grupos o apoio e a dilixencia coa que se tramitou, e esperar que a haxa tamén para o acto de nomeamento.

D Xacobe García Soto (BNG).- A favor.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor.

D<sup>a</sup> María López Touza.- Nos poñemos a traballar no acto e en dar difusión ao nomeamento.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

## **6.-MOCIÓN RBC PARA QUE A XUNTA DE GALICIA REHABILITE E OFERTA VIVENDA PÚBLICA EN RIBADAVIA NOS INMOBLES PROPIEDAD DO CONCELLO.**

A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, E INFORMATIVA DE FACENDA, COMERCIO, PARQUE EMPRESARIAL, PROMOCIÓN DE EMPREGO , OBRAS PÚBLICAS E INFRAESTRUTURAS , NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 21 DE MARZO DE 2019 ADOPTOU O SEGUINTE DITAME

### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

O Pleno de Ribadavia ten aprobados reiterados acordos a proposta do grupo municipal de Ribeiro en Común para a reforma dos inmobles de propiedade municipal en situación ruínosa no casco histórico. A última vez foi o Pleno de xaneiro de 2019 quen o aprobou por unanimidade.

Despois de ver o anuncio de que a Xunta vai adquirir novos inmobles no casco histórico para a súa reforma, Ribeiro en Común ve necesario e urxente que toda a corporación de Ribadavia lle reclame á Xunta de Galicia que antes de adquirir novos inmobles, se prioricen os que son de titularidade municipal.

Calquera investimento que se anuncie é sempre relativo en período preelectoral, na que os partidos políticos fan promesas que demasiadas veces non se chegan a cumprir. En relación a posta en valor do casco histórico e aos Plans de reforma de vivenda pública, non parece o máis eficaz nin eficiente anunciar que se van adquirir novas vivendas por parte da Xunta, cando Ribeiro en Común levamos toda a lexislatura reclamando que a Xunta arranxe as que son propiedade do Concello e que o goberno local ten totalmente abandonadas. Parece que o máis intelixente sería anunciar que a Xunta reforme as casas do Concello e non gaste diñeiro público en adquirir novos inmobles.

Así, a Xunta de Galicia ven de anunciar unha nova convocatoria do programa de rehabilitación de vivendas **Rexurbe, oferta que vai dirixida exclusivamente á adquisición, en pleno dominio e libre de cargas e gravámens, de inmobles de titularidade privada.** Este anuncio inclúe a compra pública de inmobles no casco histórico de Ribadavia, anuncio feito pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Ribeiro en Común considera que as institucións públicas están obrigadas a xestionar os recursos públicos de maneira eficiente e polo tanto debe comezarse reformando as vivendas municipais, xa propiedade pública, no lugar de adquirir novos inmobles como ven de anunciar a conselleira do PP. Así, pedirá nunha nova Moción o cumprimento dos acordos do Pleno que xa aprobou reiteradas veces a iniciativa de Ribeiro en Común a reforma e rehabilitación dos inmobles propiedade do Concello que se atopan en estado ruinoso.

**Non sería de recibo adquirir por unha Administración novos inmobles en Ribadavia para a súa reforma mentres desde o Concello e a Xunta deixan que os inmobles propiedade municipal continúen en estado ruinoso.**

*Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- 1. Que o PLENO do Concello de Ribadavia lle reclame á Xunta de Galicia, a prioridade para Ribadavia da reforma e rehabilitación dos inmobles no casco histórico de propiedade municipal co obxectivo de destinalos para Vivenda Pública, sendo compatible esta acción co anunciado Plan Rexurbe.**
- 2. Que o PLENO do Concello de Ribadavia lle pida á XUNTA DE GALICIA que se priorice a reforma de inmobles municipais, xa en mans dunha Administración pública, sobre a adquisición de novos inmobles privados, sen menoscabo do citado Plan Rexurbe.**



Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol , PSOE, RBC, se reserva para o pleno CXG, PP, ; fica ditaminada de xeito favorable , elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Está moción é continuidade de outras que ten presentado RBC. Hai inmobles no casco histórico en situación de ruina. A conselleira de vivenda manifesta que se inclúe a Ribadavia no Plan Rexurbe. Na lóxica da boa xestión dos recursos públicos o lóxico é que a Xunta priorice os inmobles que están en mans do concello. Non contradice ao Plan Rexurbe pedir á Xunta que rehabilite estes inmobles para vivenda, como pediu RBC toda a lexislatura. É de pura lóxica, a xestión sería máis eficaz e eficiente. Que se envíe á Xunta o acordo plenario.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Boa iniciativa. CXG presentou unha moción en outubro de 2016 pedindo a rehabilitación de algún inmovible municipal. É boa noticia que a Xunta se acorde do noso casco histórico tan emblemático.

Xacobe García Soto (BNG). Tense presentado moitas mocións pedindo actuar no casco histórico, é unha boa proposta. Se require inversión pública e unha reclamación do pleno para que se faga a inversión.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor, esta proposta non é excluínte co Plan Rexurbe, senón complementaria. Manifestamos un lixeiro desacordo, non entendemos que haxa que priorizar unha cousa sobre a outra. O titular dos inmobles ten que relacionarse con outras administracións para buscar vías de colaboración. O casco histórico é do eixe do desenvolvemento turístico de Ribadavia.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- É unha boa iniciativa, moitos inmobles os adquiriu a Xunta e os cedeu ao concello. Era un bó convenio, o entón vixente , o de rehabilitación integral. Moitos cascos de Galicia están conservados grazas a eses convenios. Foi un erro frenalos. Era unha maquinaria que funcionaba ben, tamén en San Cristovo, era bó para os veciños.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer o voto favorable de todos os grupos. O Plan Rexurbe conleva a adquisición de novos inmobles , con desembolso de recursos que son limitados. Ribadavia ten cinco mil habitantes, o lóxico é que o concello lle indique á Xunta as prioridades. Matizar que para RBC, a Area de Rehabilitación Integral e o PERI de Ribadavia se ten que actualizar.

Alcalde.- Me parece estupenda a moción que vai na liña do dito en esta e en outras legislaturas. A subdirectora do museo nos anos 80 que voltou , dixo que como tiña cambiado o pobo a nivel de rehabilitación do casco histórico dende os anos 80. É curioso que o PP anuncie un programa que está pedido en sede parlamentaria e os grupos da oposición non lle dicen nada. É unha falta de respecto, non sabemos se a Xunta ten previsto adquirir inmobles en Ribadavia, se hai consignación orzamentaria. O alcalde e a corporación non o saben, a veces os grupos , por moito menos, se queixan de falta de información, a conselleira non da ningunha información. A conselleira non se reúne co alcalde, nin contesta á carta na que se pregunta se o concello ten que facer dotación orzamentaria. Inclúe o concello sen falar co concello. En outros concellos se chamou aos alcaldes. Se hai inmobles públicos o lóxico sería empezar por ahí. Habería que coñecer as condicións, non hai un convenio que diga o que hai que facer. Non me parece normal. Se usurpan funcións do alcalde, é un delito electoral, a nos por anunciar unha subvención da Xunta nos denunciaron. Saen a vender o tema en nota de prensa, é unha forma de entender a política.

Tiven todo o respecto institucional por esa conselleira , que vino en condicións moi complexas e houbo respecto institucional. Estou molesto , me parece unha falta de respecto ao concello. Ogallá sexa verdade, non vaia a ser que dentro de dous meses desapareza ese convenio, se non está o alcalde que quere a conselleira. O que fixeron estes señores non é unha actitude de recibo. Comparto que primeiro se rehabiliten os inmobles de titularidade do concello. Os veciños tamén rehabilitan e apostan polo casco.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

## **7.-MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA MELLORE A ESTRADA DE TITULARIDADE MUNICIPAL NA VERONZA E NA RÚA RIBEIRO, E SE ELABORE UN PLAN DE OBRA PARA O FINAL DA LEXISLATURA.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ribeiro en Común reclama a mellora do firme e calzada das estradas municipais que se atopan en estado de deterioro. Das moitas que hai, pedimos que se interveña o antes posible nos tramos da Veronza, á altura do Centro de Saúde, e así mesmo se mellore os tramos da rúa Ribeiro que o precisen, xa que de intervir agora supoñería evitar no futuro ter que realizar un investimento moi superior, xa que estamos a falar de calzadas moi transitadas. Incluímos na solicitude os tramos recentemente arranxados da rúa Ribeiro, xa que este foi un arranxo moi puntual e temporal que non evitará que no futuro volvan a aparecer as fochancas que había.

A situación na estrada municipal da Veronza leva demasiados anos sen atención, o resultado é unha estrada totalmente deteriorada á altura do Centro de Saúde, e con algunha zona máis que só necesitan pequenas intervencións puntuais de mellora.

*Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:*

**Que o Concello de Ribadavia realice o arranxo da estrada de titularidade municipal da Veronza, cando menos nos tramos á altura do Centro de Saúde, e na rúa Ribeiro.**

**Que o Concello de Ribadavia elabore para este final de lexislatura un Plan de obras de camiños e estradas municipais, por consenso entre o goberno de Ribadavia e todos os grupos municipais.**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol , PSOE, RBC, se reserva para o pleno CXG, PP, ; fica ditaminada de xeito favorable , elevándose a pleno en calidade de ditame.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É unha moción en sentido positivo e para mellorar Ribadavia. A nosa intención nunca foi criticar e confrontar. Pediría o alcalde que modere e non interrumpa. Traemos estas dúas estradas, poderían ser outras. Estas dúas son moi transitadas, deberían ser atendidas no que queda de lexislatura. Hai un volcán de intento de obras que non se fixeron, que se consensúe á execución de obras neste último tramo.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor de todo o que sexa mellorar a vida dos veciños. O pobo de Ribadavia ditaminou pluralismo político, quiso que nos entenderamos. Este concelleiro apoiou sempre os orzamentos para facer posibles as obras e os asfaltados para os veciños. Non vou a ser obstáculo para este plan de obras, pero o tempo está esgotado. Me parece unha boa iniciativa.

D Xacobe García Soto (BNG).- Esta moción xa a debatimos con outro título, a necesidade segue a ser a mesma. O BNG pediu un plan de obras fai catro anos. Aprobar un a dous meses das eleccións sería unha tomadura de pelo aos veciños. Algúns grupos falamos en van, senón non ten sentido este plantexamento a estas alturas. Houbo unha moción fai un ano que foi aprobada, pedindo estas obras. A favor.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- En relación ao Rexurbe, non hai convenio entre administracións , e entre a Xunta e os propietarios privados. Xa se aplicou o ano pasado, se publica no Diario Oficial de Galicia. Hai un área de delimitación de transmisión de bens inmobles en concurso público.

Respecto da moción as actuacións son necesarias, é imposible realizar un plan en dous meses, se poden sentar as bases para a próxima lexislatura. Nos parecen ben as dúas actuacións e facer un plan para a próxima lexislatura.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Nos parecen ben as dúas actuacións , o plan agora non corresponde. De todas as obras realizadas a través de plans en esta lexislatura , entendo que ningún concelleiro se opoñe a ningunha , foron pedidas polos veciños. Espero que na próxima lexislatura se fagan tantos camiños como en ésta. Se sacou un gran rendemento aos recursos municipais. Se se fixeran todas as obras que pide a Corporación sería un tsunami de obras ,non un volcán.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer o apoio. Concordo con que houbo grupos que presentaron un plan de obras. RBC negociou o apoio aos orzamentos por unhas obras consensuadas que non se executaron. Concordo en que hai pluralismo político. É a xente a que transmite as necesidades. A idea do Plan de obras era buscar o consenso entre todos.

Alcalde.- Non hai mellor Plan de Obras que o que se executa. Fixemos catro estradas nesta lexislatura , a maioría no rural. Quen executa as obras é o goberno. De eses corenta camiños, ningún dixo que non se fixera algún de eles. Agradecer os veciños que deron a confianza a este goberno. Podo entender a filosofía do Plan de Obras. É unha incongruencia dicir que hai un volcán de obras e logo seguir pedindo máis obras.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

## **8.-MOCIÓN PP SOLICITANDO O SOTERRAMENTO DO CABLEADO AÉREO DO SERVIZO ELÉCTRICO E TELEFÓNICO NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA.**

A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, E INFORMATIVA DE FACENDA, COMERCIO, PARQUE EMPRESARIAL, PROMOCIÓN DE EMPREGO , OBRAS PÚBLICAS E INFRAESTRUTURAS , NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 21 DE MARZO DE 2019 ADOPTOU O SEGUINTE DITAME

É por todos coñecido o valor artístico, histórico, patrimonial e monumental do Casco Histórico de Ribadavia. Un valor que lle valeu á vila de Ribadavia a declaración, no ano 1947 , de Ben de Interese Cultural, naquela altura Conxunto Histórico Artístico.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia consideramos que este valor intrínseco do Casco Histórico require dun coidado e unha sensibilidade especial por parte do concello para que o seu mantemento, a súa mellora e a súa posta en valor. Neste sentido , consideramos que o abundante cableado aéreo existente no Casco Histórico afea bastante a estética do casco en algunhas zonas , e consideramos que levar a cabo unha actuación integral de soterramento do cableado aéreo neste entorno pode contribuir a mellorar a imaxe deste fermoso entorno.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia consideramos que cómpre afrontar de xeito inmediato esta actuación , e acometer o soterramento do cableado aéreo que, ao noso xuízo, provoca un efecto sumamente disonante coa imaxe do Casco Histórico de Ribadavia.

Instar ao goberno municipal a levar a cabo unha actuación integral de soterramento do cableado aéreo no Casco Histórico de Ribadavia.

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol PP, PSOE, CXG, se reserva para o pleno RBC, ; fica ditaminada de xeito favorable , elevándose a pleno en calidade de ditame

D César Manuel Fernández Gil (PP).- É outra moción para mellorar a imaxe do casco histórico de Ribadavia , é un dos eixes do turismo para Ribadavia .Calquera ve a diario o cableado aéreo, afea a imaxe do casco histórico, a imaxe melloraría coa retirada do cableado aéreo. Se insta para conquistar a retirada integral. Xa houbo outras actuacións así en casco históricos de Galicia. Debe ser unha actuación prioritaria.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor, eu levaba esa medida fai catro anos no meu programa electoral. Do meu programa , e como froito do meu entendemento co grupo de goberno se cumpriron dez puntos.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A favor, é unha reivindicación histórica , varios grupos o reclamamos nesta lexislatura, incluso en lexislaturas anteriores. En moitas rúas xa está o sitio para realizar o soterramento. Entendemos que o casco histórico ten que estar vivo, cheo de xente. É menos atractivo vivir si ten menos servizos.

D Xacobe García Soto (BNG).- Falabamos dos Plans de Rehabilitacións de áreas. Preguntamos polas caixas de cableados; non se chegou a desenvolver o soterramento. O tema do casco histórico require unha actuación profunda, a longo prazo. O comercio asentaría tamén poboación.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- A idea é positiva, xa está soterrada a preinstalación en moitas zonas. A favor.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Agradecer o apoio e esperar que se execute.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

## **9.-MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA MELLORE E POTENCIA A CALIDADE DE INTERNET NO NOSO MUNICIPIO.**

Ribeiro en Común considera que non se debe seguir permitindo que en pleno ano 2019 haxa numerosos núcleos do noso Concello con un nivel de servizo de internet pésimo, en ocasións mesmo inexistente.

O servizo de internet é imprescindible para boa parte da cidadanía no seu día a día, como veciñanza para asuntos privados diarios, relacións coa Administración e tamén a nivel profesional e en negocios. En demasiados lugares do municipio temos unha rede moi deficitaria que non cumpre as expectativas que necesitan os veciños e veciñas a pesar moitas veces de pagar un prezo privado nada baixos nos seus contratos.

Máis alá da responsabilidade dalgunhas compañías que ofrecen este servizo, as Administracións, fundamentalmente a Consellaría de Industria, e no caso que nos ocupa o noso Concello poden e deben facer moito máis para mellorar ditos servizo.

**Sombras de cobertura:** o noso grupo tivo varias reclamacións de que na Groba, Chabolas, Sanín, San Andrés ou Esposende non hai potencia ADSL, que en Ventosela hai zonas de moi baixa velocidade (como máximo 1 mega), ao igual que Prexigueiro. É de seguro existen máis zonas con este problema, sen que a reivindicación chegara ao noso grupo.

**Fibra óptica:** só existe na zona dos Chalés e na rúa Ribeiro en diante. Sen embargo o centro histórico de Ribadavia quedou illado deste servizo. Da mesma maneira sucedeu en núcleos importantes do municipio.

**A labor dos Concellos:** A finais de xaneiro deste ano, o Concello de Carballeda de Avia anunciaba que terá máis velocidade en internet, a través dunha intervención en todo este municipio para poder contar con máis de 100 megas, a través do Plan de Banda Longa da Xunta de Galicia. Os responsables de Carballeda falaban que no seu municipio teñen unha deficiente cobertura, e sinalan que en parte do municipio con catro ou cinco megas e nas zonas altas aínda menos. Recollía este anuncio que o

proxecto será executado pola Xunta de Galicia e Telefónica, e que conta con financiación del Fondo Europeo Agrícola e de Desenvolvemento Rural. Ademais contempla implantar unha maior velocidade, tamén máis de 100 megas, a través de liñas 4G, financiadas polo Estado.

**Propostas no noso Concello:** No seu día o grupo municipal do BNG de Ribadavia fixera unha boa proposta de levar WIFI a varios núcleos do municipio. A resposta do goberno local en marzo de 2018 foi que “solicitará nos próximos días unha axuda, financiada con fondos europeos, do programa WiFi4EU lanzada pola Comisión Europea, para ofrecer de forma gratuíta WIFI nos pobos do rural do municipio”. Sendo esta unha medida totalmente compatible, sen embargo nada sabemos desta subvención nin do anuncio do goberno que dixo que ía levar a cabo, chegando mesmo a establecer unha partida.

Independentemente de que exista servizo WIFI en zonas do noso municipio, a realidade é que moitas desas e outras zonas teñen unha cobertura moi deficitaria que debe ser mellorada desde o Concello de Ribadavia, pois desde fai xa moito tempo internet é un servizo básico, sobre todo se queremos que no municipio de Ribadavia existan os mesmos servizos e calidade de vida que en ámbitos máis urbanos. Pedímoslle ao goberno de Ribadavia que se acolla ás liñas de axuda que existen de outras Administracións para mellorar o servizo e que concellos como o veciño de Carballeda ten solicitado.

Para Ribeiro en Común o Concello debe intervir:

- Potenciar a fibra óptica cando menos en todo o centro histórico, planteando potencialo coma unha zona dinámica e atractiva para vivir e residir.
- Potenciar a cobertura naquelas zonas con maior sombra de cobertura.
- Facer un estudo das demandas veciñais e das súas necesidades en base ao servizo actual e a súa cobertura real.
- Estudo de cobertura wi-max inalámbrica para aqueles casos nos que non hai unha opción de liña.
- Mellora do alcance de ADSL e aumento de potencia.

*Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:*

**3. Que o Concello de Ribadavia realice un Estudo técnico para detectar os lugares do noso municipio onde a sinal e a rede de internet ten un nivel de potencia moi deficitario:**

- **Elaborar Mapa real da cobertura das principais operadoras no noso municipio.**
- **Sinalar as zonas de maior sombra de cobertura, e a posibilidade de potenciar o sinal 4G, ou a posibilidade de establecer a rede WI-MAX (onde non exista rede) en función das características técnicas.**
- **Estudar a posibilidade de actualizar centralitas para o ADSL.**

- 4. Que o Concello de Ribadavia invista en medidas técnicas para mellorar o servizo de internet en todo o municipio, priorizando aqueles núcleos onde o servizo é moi deficitario. Sempre previo informe que estableza un estudo das necesidades reais veciñais e as súas demandas. O investimento público previo informe de necesidades e compromisos recíprocos.**
  
- 5. Que o Concello de Ribadavia potencie a fibra óptica no centro histórico de Ribadavia e nos principais núcleos.**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol PSOE, CXG, RBC se reservan para o pleno PP, , ; fica ditaminada de xeito favorable , elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Varios veciños de Ventosela e Santo André o reclamaron. Se pediu asesoramento técnico a un veciño, Hai moito máis que un problema de cobertura dos veciños coas operadoras. Hai zonas de sombra de cobertura nas zonas rurais. A responsabilidade fundamental debía ser da Consellería de Industria e de Medio Rural. O concello de Castrelo actuou coa rede Wi-max, o concello de Carballeda invirtiu con Fondos Feder. Fai uns anos desembarcou R en Ribadavia. O casco histórico e os grandes núcleo non teñen rede óptica. A praza de abastos sería un bó lugar para poñer a rede wifi.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Nas operadoras prima o interese económico.

D Xacobe García Soto (BNG).- Nos dous orzamentos que eu negociarei solicitei que o internet de banda ancha chegase aos núcleos rurais, para fixar poboación. Hoxe internet é fundamental, non unha finalidade. Obligatorio para fixar poboación e crear postos de traballo.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor, é unha idea positiva, hai que implicar a outras administracións. Melloraría a calidade de vida dos veciños.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Está solicitada unha subvención a Unión Europea para as prazas e zonas con concurrencia de xente e nos pobos de rural. A favor.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer o voto a favor e esperar que se leve a cabo.

Alcalde.- A Deputación logrou 920 usuarios para a Wi-max en toda a provincia, se pretendían 17.000 usuarios. As empresas funcionan como funcionan, non lles interesa.



Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **10.-MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA CREE UN ALBERGUE XUVENIL**

A COMISIÓN DE CULTURA E MEDIO AMBIENTE , NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 21 DE MARZO DE 2019 ADOPTOU O SEGUINTE DITAME:

Ribeiro en Común considera que a infraestrutura e instalacións do noso Concello é moi mellorable á hora de organizar e acoller xornadas que supoñan desprazar e albergar grupos grandes de persoas, existindo un déficit importante.

**Ribeiro en Común propón a creación dun Albergue xuvenil en Ribadavia: O Concello de Ribadavia debe crear ou fomentar a creación dun Albergue para grupos e residencia de colectivos e intercambios culturais e xuvenís, sempre compatibles e nunca permitindo a competencia desleal con establecementos hoteleiros do noso municipio.**

Isto permitiría situar a Ribadavia como sede de moitas xornadas xuvenís e intercambios que permitiría facer de Ribadavia un lugar que acollera moitos grupos de persoas que desta maneira nos poderían coñecer e visitar, xa que a día de hoxe isto non é posible no noso municipio por falta de aloxamentos para grupos tan grandes. O máis próximo está actualmente no Concello de Castrelo de Miño.

Compatibilidade coa oferta actual de aloxamento: esta nova infraestrutura non competiría cos establecementos xa existentes no noso municipio senón que polo contrario redundaría positivamente xa que fomentaría a chegada de máis público a Ribadavia que non podería aloxarse no Albergue Xuvenil pero si necesitaría aloxarse en Ribadavia para dita xornada. O exemplo máis claro vímolo en xornadas e competicións deportivas xuvenís, pero habería moitos máis exemplos. En moitas ocasións, detrás da xente máis nova e moza participantes nas diferentes xornadas que se poderían programar virán os seus familiares, e estes últimos precisarán un aloxamento hostaleiro.

*Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:*

**-Que o Concello de Ribadavia fomente a creación dun Albergue para grupos e residencia de colectivos e intercambios culturais e xuvenís, sempre compatibles e nunca permitindo a competencia desleal con establecementos hoteleiros do noso municipio.**

Sometido a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, reservanse para o pleno PP, PSOE, CXG ; fica ditaminada de xeito favorable , elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta moción xurde do diálogo con asociacións e entidades deportivas, é compatible coa oferta hoteleira que existe. Se poderían organizar máis eventos. Hai dous veciños traballando para a posta en marcha de este albergue, lle pode aforrar moito tempo á administración.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Sen desvalorar a iniciativa, voume a abster. Se hai dous veciños interesados en montar un albergue, non debe interferir o concello.

D Xacobe García Soto (BNG).-É de agradecer que haxa iniciativa privada neste sentido. É necesario un albergue xuvenil en Ribadavia. Colaboraría a que se recoñecese a iniciativa de recoñecemento do camiño de Santiago con paso por Ribadavia.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor, é unha boa iniciativa, unha infraestrutura interesante.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Nos parece ben, dado que hai unha iniciativa privada, entendo que se pide que o concello axude a desenvolver a iniciativa privada ou que o faga él.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Pode ser facelo directamente ou colaborar e facilitar coa iniciativa privada.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- O noso voto vai a ser favorable, nos parece positivo..O que poida axudar este grupo de goberno vai a axudar.

D Manuel Vázquez López (CXG).-Espero que dende o concello se faciliten as cuestións burocráticas a iniciativa en marcha.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Este grupo antes non tiña constancia da iniciativa privada. Unha institución pública pode facilitar, non ten sentido duplicar esforzos se hai iniciativa privada. A administración debe involucrarse no proxecto. A súa vocación é presentar o proxecto a todos os grupos, que se de un consenso en que o pleno de respaldo á iniciativa empresarial que vai a complementar a oferta hoteleira existente.

Alcalde.- Como son persoa cautelosa hai que seguir uns cauces. Este proxecto xa non é de agora, dende o concello se tentou axudar con outras administracións. Outra administración puido axudar máis. O asesoramento non lle fai falta, saben ben o que ten entre mans. Non ten que haber unha iniciativa pública, se hai outra privada.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **11.-MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA MELLORE A INFRAESTRUTURA CULTURAL E A PROGRAMACIÓN CULTURAL DO NOSO MUNICIPIO.**

Ribadavia é unha potencia en cultura, grazas a implicación de moitas xeracións de ribadavienses durante décadas. É coñecida a rica actividade cultural xa nos inicios do século XX, rota polas armas e pola forza nos anos escuros do inicio da ditadura. Capacidade cultural que volveu aínda nos anos finais do franquismo, e que hoxe en día é unha referencia a nivel galego, incluso en todo o estado.

O bo facer de moitos veciños e veciñas durante moitas xeracións e en moitas das esferas organizativas, asociativas e institucionais fai que Ribadavia sexa hoxe en día unha potencia cultural.

Máis alá deste bo facer e do enorme nivel cultural que hai en Ribadavia, Ribeiro en Común considera que a área de cultura no noso Concello é moi mellorable, fora das grandes datas e eventos referenciais.

**PROGRAMACIÓN CULTURAL MENSUAL.** Máis aló das grandes datas e actividades culturais moi destacables e de enorme nivel, cultural e organizativo, mesmo sendo referentes culturais a nivel nacional e estatal, hai un debe na programación cultural máis aló destes grandes eventos. Fins de semana e épocas estivais deberían ter unha programación maior e mellor. Ao igual que as datas sinalas como por exemplo o Día Letras Galegas, Día Medio ambiente, Semana Santa, etc.

**MELLORAR ALGUNHA DA INFRAESTRUTURA CULTURAL:** Local social da Madalena, Adro da Igrexa da Oliveira, Casa da Cultura, vestiarios Auditorio. Esta petición de mellora foi realizada xa polo noso grupo ao longo da lexislatura, mesmo chegando algunhas a estar aprobadas como intervencións nos Orzamentos 2017.

*Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos*  
**ACORDOS:**

**Que o Concello de Ribadavia mellore algunha da infraestrutura cultural de Ribadavia:**

**Local social da Madalena, Adro da Igrexa da Oliveira, vestiarios do Auditorio, e Casa da Cultura: biblioteca, auditorio e fachada.**

Que o Concello de Ribadavia estableza unha Programación Cultural mensual, máis alá dos grandes eventos culturais de prestixio que xa ten Ribadavia.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol RBC, reservanse para o pleno PSOE, PP, CXG, ; fica ditaminada de xeito favorable , elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Esta moción é froito da interacción cos veciños.Houbo propostas anteriores de RBC na negociación dos orzamentos de 2017. A Casa da Cultura acolle moitos eventos, uns organizados polo concello, outros pola sociedade civil. A programación cultural é mellorable.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Voume a abster, hai unha subvención coa que se van a subsanar as deficiencias do punto primeiro. Resaltar o traballo ben feito e a adicación da actual concelleira de cultura, se entrega en corpo e alma e moito tempo. A programación cultural é máis que suficiente.

D Xacobe García Soto (BNG).- Ribadavia ten a gran sorte de ser unha sociedade moi activa e imaxinativa que permite unha gran actividade cultural; a iniciativa é da sociedade , o concello limitase a acompañar. A moeda de pago do concello á sociedade é moi pobre. A actividade cultural do concello é moi pobre. A actividade cultural a fai a sociedade, non o concello. Dende a concellería e do goberno non se fai nada.

Dª Maria López Touza, concelleira de Cultura.- ¿ Quen fai a Festa da Istoría e a Mostra Internacional de Teatro?

D Xacobe García Soto (BNG).- Esta é unha moción importante para saber en que concello vivimos.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor, estamos de acordo nos dous puntos. Non imos a entrar a discutir sobre a programación cultural, todo é mellorable. Houbo dúas propostas de este grupo de unirse á Asociación de Auditorios de Galicia e da provincia.

D Manuel Vázquez López (CXG).- Non sei se vivimos en mundos distintos. Si teño coñecemento do apoio dende a concellalía de Cultura a toda iniciativa cultural privada. Sei todo o traballo e apoio que presta a concellalía de Cultura.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agardo que quedará ben explicada a nosa postura. Vin a solicitude de subvención, non a concesión da mesma. Aínda que fora aprobada, non impide traer a moción. Na moción de este grupo non hai a intención de poñer o foco nunha concelleira determinada. A área de cultura é máis complexa que outras, seguro que a concelleira lle adica moitas horas. O que se pide é mellorar, sempre se pode mellorar. Non sería de recibo dicir que xa se fai todo o que se pode facer. Hai moitas posibilidades de programar con tempo. É unha proposta en positivo.

Alcalde.- Ao portavoz de RBC nadie lle dixo nada da súa proposta. Ao BNG lle pediría que volva pola senda de ser un grupo de goberno, como o foi fai tempo en Ribadavia. Acabo de escoitar que dixo que o concello non fai actividade cultural, cando Ribadavia é un exemplo de actividade cultural mundo adiante. O concello pon en valor o que fan as asociacións, o concello axuda economicamente e en todo o que hai por detrás e que non se ve. Dous concelleiros do BNG tiñan a delegación de Cultura, e pediron cambiar de delegación. Dixo que non se fai actividade cultural neste concello é totalmente falso. Parece mentira que o BNG diga eso, dicir que o concello non fai a MIT é faltar a verdade. Se firma un convenio de 60.000 euros que non o había cando o departamento de Cultura o levaba o BNG. Hai máis de 200.000 euros de aportación á MIT. ¿Sabe o traballo que leva a MIT ou a Feira do Viño que vostedes destrozaron en dúas edicións e deixaron en vinte persoas? Fale co seu alcalde de Allariz a ver se Ribadavia fai actividade cultural. Os actos da Concellalía da Muller non viñeron sos, os fixo vostede? ¿viñeron sos? As asociacións fan o seu traballo, pero o concello fai moito. Ou non ven ou non saben as actividades culturais que hai. Vostede fala mal ata dos seus compañeiros, a miña compañeira ten unha adicación económica, a menor de todos os

concellos de Galicia. Se reclama o martes de entroido e logo non asiste nadie. Os veciños dirán en marzo quen traballa e quen non. Se baixou a débeda e sen fan máis actividade sen cobrar nin un peso. As actividades de Nadal se fan co esforzo da concelleira e de este alcalde. Todo o mundo ten que ser coherente e sensato. Ao inicio da lexislatura se decía que non facía falta unha adicación para Cultura e agora se dí que fai falta unha adicación extrema, se decía que cunha adicación exclusiva era suficiente.

Sometida a votación a proposta é aprobada co voto a favor do PP, PSOE, BNG, RBC e abstención de CXG.

## **12.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENSINANZAS ESPECIAIS, PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA.**

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación da Ordenanza Nº 23 da Taxa pola prestación do servizo de ensinanzas especiais que fica coa seguinte redacción:

### **ORDENANZA Nº 23.-**

#### **TAXA POLA PRESTACION DO SERVICIO DE ENSINANZAS ESPECIAIS ( Conservatorio de Música e Escola de Musica de Ribadavia).-**

**Art. 1º.-** O ámparo do previsto nos artigos 58 y 20.4.v. da Lei 39/1988, de 28 de diciembre, reguladora das Facenda Locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 deste texto legal, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de Ensinanzas Especiais (Conservatorio de Música e Escola de Música), según o especificado no art. 3º, seguinte, que se rexirá pola presente Ordenanza.

**Art. 2º.-** Están obrigados o pago da taxa regulado en esta Ordenanza quenes se beneficien do concreto servizo de Ensinanzas Especiais que se presta no Conservatorio e na Escola de música, a que se refire o artigo anterior.

**Art. 3º.-** A cuantía da taxa regulada en esta Ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

#### **Epigrafe 1º.- Conservatorio.-**

##### **a) Taxas académicas:**

Dereitos de matrícula e exame do grao elemental: 263 euros.

Dereitos de matrícula e exame do grao medio. 300 euros.

Dereitos de primeira matriculación e apertura de expediente: 12 euros.  
Dereitos de exame para paso do grao elemental a grao medio: 60 euros.  
Sobre de matrícula: 3 euros.  
Dereitos por traslado de expediente, certificado persoal, etc.: 15 euros.

Veciños do Concello de Ribadavia: 25% por 100 no importe das taxas académicas ( Acreditarase con certificación de empadramento)  
Familia numerosa: 20 por 100.

b) Taxas cuatrimestrais:

b1) Residentes no Concello de Ribadavia.

Grao elemental: 75 euros (150 euros/curso).  
Grao medio: 90 euros (180 euros/curso).

B2) Non Residente no Concello de Ribadavia.

Grao elemental: 90 euros (180 euros/curso).  
Grao medio: 105 euros (210 euros/curso).

c) Outros Descontos:

Nos supostos excepcionais que os servicios de asistencia social así o aconsellen poderán formularse á Alcaldía propostas de redución de tarifas en función da capacidade económica dos obrigados ó aboamento. Tamén se poderán establecer beneficios económicos para alumnos destacados e integrantes do Coro e Banda do Centro".

**Epigrafe 2.- Escola de Música.-**

a) Taxas académicas:

***1.- Música e Movemento.(Nenos de 3 a 8 anos).-***

***Nenos/as de 3 anos residentes no concello de Ribadavia:gratis.***

Residentes no Concello de Ribadavia: 145 euros.  
Non residentes no Concello de Ribadavia: 180 euros.

***2.- Nivel I.(8 anos en adiante).-***

Residentes no Concello de Ribadavia: 245 euros.  
Non residentes no Concello de Ribadavia: 315 euros.

***3.- Nivel II.(8 años en adiante).-***

Residentes no Concello de Ribadavia: 245 euros.  
Non residente no Concello de Ribadavia: 315 euros.

Descontos sobre as taxas:  
Familia numerosa: 20 por 100.

Nos supostos excepcionais que os servicios de asistencia social así o aconsellen poderán formularse á Alcaldía propostas de redución de tarifas en función da capacidade económica dos obrigados ó aboamento. Tamén se poderán establecer beneficios económicos para alumnos destacados e integrantes do Coro e Banda do Centro".

**Art 4º.**- A obrigación de pago desta taxa nace dende o momento en que o interesado formaliza o acto de matrícula no Conservatorio de Música ou Escola de Música; o seu pago efectivo tendrá lugar precisamente no momento da presentación da solicitude de matrícula, sen perxuízo do acordo que se adopte sobre fraccionamento de pago.

#### **DISPOSICION FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de marzo de 2019 e que quedou definitivamente aprobada , e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto».

Dª María López Touza , concelleira de Cultura.- Esta iniciativa falouse cos técnicos do Conservatorio e da Escola de Música, e lles pareceu unha boa iniciativa para premiar a primeira inclusión de nenos e nenas empadroados, sirve para captar alumnos e premiar aos empadroados.

D Manuel Vázquez López (CXG).- A favor.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A intervención do alcalde no punto anterior non foi acaída. É unha boa iniciativa, a favor.

D Xacobe García Soto (BNG).- Considero que a área de Cultura é complicada e require moito traballo; eu non lle quito mérito á concelleira.



D César Manuel Fernández Gil ( PP).- A favor, agradecerlle o seu traballo ao concelleiro de Facenda.

Alcalde.- O concelleiro de Facenda leva dezaseis orzamentos aprobados neste concello.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

### **13.SOLICITUDE DE ESTABLECEMENTO DUNHA LIÑA DE AUTOBÚS ENTRE OS CONCELLOS DE RIBADAVIA E CARBALLIÑO PARA ACHEGAR AOS ALUMNOS AO CENTRO EDUCATIVO IES O RIBEIRO.**

Vista a solicitude presentada pola ANPA IES O RIBEIRO con rexistro de entrada no concello de 21 de marzo de 2019.

Debido a que a ANPA IES O RIBEIRO solicitou o Bacharelato de Artes no IES de Ribadavia, que daría servizo aos alumnos do Ribeiro e tamén aos alumnos da comarca de Carballiño.

#### **PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

O concello de Ribadavia, de forma conxunta co concello de Carballiño, solicita da Consellería de Mobilidade da Xunta de Galicia, o establecemento dunha liña de autobús entre o concello de Ribadavia e o concello de Carballiño para poder chegar os alumnos ao centro educativo IES O RIBEIRO axustando os horarios de transporte aos horarios lectivos do mencionado centro, luns de 8,40 a 17,40 e de martes a venres das 8,40 a 14,20 horas.

Alcalde.- É unha solicitude da Asociación de Nais e de Pais;lle fixeron a proposta á concelleira de Cultura. É para que veñan os alumnos de Carballiño a Ribadavia. O alcalde de Carballiño dixo que se fixera a petición de forma conxunta.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

### **14.-ROGOS E PREGUNTAS**

D Manuel Vázquez López (CXG).- Nunha moción de 17 de xuño de 2015 este grupo pediu a limpeza e acondicionamento das fontes municipais, agradecer que unha fonte senlleira vaise a ver funcionando.

As nove horas e trinta e cinco minutos Don Manuel Vázquez López abandona a sesión plenaria.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Que se teñan en conta os rogos dos plenos anteriores. Hai un expediente sancionador da Confederación Hidrográfica por un verquido, onde foi o verquido.

Hai unhas sinais verticais de publicidade nun cruce, un termómetro ¿ se está pagando algo o concello ¿

Alcalde.- O verquido intuimos onde pode ser, non se indica o punto exacto.  
Na publicidade non hai convenio, falei co encargado e van a vir a solucionalo. Se non se soluciona se retira.

D Xacobe García Soto (BNG).- Serían precisas uns cursos ou charlas sobre os niños de velutina.  
Rogar ao concello que solicite á Xunta uns horarios máis acaídos para a estación de autobús de Ribadavia.

Alcalde.- Houbo unha proposta dende a Deputación, si se concreta nos adheriremos.

D Celso Sotelo Barroso (PP).- Solicito que se coloque unha sinal na estación de autobús indicando cara a Ribadavia.  
Que se repare o espello roto na Praza Maior.  
Preguntar se se vai a facer algo na casa que sufriu o incendio, non está segura.  
Rogar que se reparen os dous postes sen farola no Castro de San Paio.

Alcalde.- As comisións informativas do mes de abril pasan ao día quince.

E sendo as nove horas e corenta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.